

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

ANUNCIO do 20 de maio de 2015, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 20 de maio de 2015 relativa ao acordo de fusión do monte Fontes Vellas e o de Carqueixal e A Costa, nun denominado A Freca, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo, no concello de Xunqueira de Espadanedo.

Examinada a solicitude de fusión formulada polas CMVMC dos montes veciñais en man común Fontes Vellas e Carqueixal e A Costa, resultan os seguintes:

Antecedentes:

Primeiro. Con data do 23 de decembro de 2013 Benito Garrido de Dios presentou un escrito no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Ourense (número de entrada 40324/rx 987122) en que solicitaba que o monte veciñal en man común Fontes Vellas, do que é comuneiro, se fusionase co monte colindante (Carqueixal e A Costa), debido á imposibilidade de formar unha xunta reitora ao non haber veciños nin comuneiros suficientes no monte veciñal Fontes Vellas. Coa citada solicitude achegaba, entre outra documentación, a acordo favorable á fusión acadado pola CMVMC propietaria do monte veciñal en man común Carqueixal e A Costa.

Segundo. Con data do 26 de xaneiro de 2015 o Servizo de Montes emitiu informe en que se fan constar as seguintes consideracións:

- Que o monte veciñal en man común Fontes Vellas, pertencente á CMVMC da Reboreda, está integrada por un único comuneiro que á súa vez é comuneiro do monte Carqueixal e A Costa.
- Considérase que a unificación pode favorecer a xestión dos montes veciñais implicados.
- Polo que se informa favorablemente o acordo acadado polas respectivas assemblies de unificar as respectivas comunidades e montes, resultando un único MVMC denominado A Freca, pertencente á CMVMC San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo.



Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. Corresponde a competencia para examinar a referida solicitude ao Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, de acordo coas competencias que lle outorga a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 15 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece que as comunidades de veciños, logo de acordo da asemblea xeral, poderán mancomunarse para a mellor defensa dos seus intereses e consecución dos seus obxectivos.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu informe favorable con data 26 de xaneiro de 2015 á unificación dos montes veciñais en man común Fontes Vellas e Carqueixal e A Costa, na medida en que pode favorecer a xestión dos montes veciñais implicados. De acordo cos feitos e consideracións legais expostas, o Xurado Provincial en Man Común acordou por unanimidade o día 29 de abril de 2015:

Aprobar o acordo de fusión acadado polas CMVMC dos montes veciñais en man común Fontes Vellas e Carqueixal e A Costa, resultando un único MVMC denominado A Freca, pertencente á CMVMC San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 20 de maio de 2015

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común de Ourense


CVE-DOG: lwoipzt3-gue8-fi77-guu1-2sqxc6e0ig6





**Proposta de
unificación dos MVMC
"Carqueixal e A
Costa" e "Fontes
Vellas", e das suas
respectivas
comunidades veciñais
nun só monte
denominado "A Freca"
de 29,5 ha de
superficie e
pertencente aos
veciños de A
Reboreda, San Pedro,
Carbuz e Espadanedo
do concello de
Xunqueira de
Espadanedo**

Lenda

-  MVMC "A Freca"
-  Parcelas catastrais de Xunqueira de Espadanedo

Escala 1:8000

175 0 175 m



Coordenadas UTM fuso 29

Sistema de Referencia
ETRS 89

Xaneiro de 2015

Cartografía catastral da
"Dirección General del Catastro"
actualizada a xaneiro de 2015

Cartografía ráster: servizo WMS
do IGN. Copyright Servizo
Geográfico Nacional de España

4689000

4688500

4688000

4687500

611500

612000

612500

613000

613500



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **23 de novembro de 2021** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VIII.- Solicitud de deslinde entre o MVMC "Castro Puxando e Tardeles" e o MVMC "A Freca", no Concello de Xunqueira de Espadañedo.

O Servizo de Montes, en data 19 de outubro de 2021, emitiu informe favorable sobre a referida solicitude, se ben coas seguintes consideracións:

- Obsérvase un erro material na coordenada X do vértice 1, xa que inclúe 7 cifras enteiras en lugar de 6 (X: 6.313.126,3). Cotexada a coordenada coa que figura no plano achegado, compróbase que a coordenada correcta é X: 613.126,3.
- O vértice 1 atópase nun terreo que non está clasificado coma MVMC; polo tanto, unicamente servirá de referencia para establecer a dirección na liña de deslindamento, sen considerarse a totalidade do tramo 1-2 coma límite entre MVMC.

Polo que o Xurado Provincial aprobou a solicitude de deslinde, de acordo co citado informe do Servizo de Montes.

Vº. e praxe
O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 4 de febreiro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 3 de febreiro de 2022 relativa ao acto de conciliación formulada polos representantes dos montes veciñais en man común MVMC Castro Puxando e Tardeles, pertencente á CMVMC de Pardeconde, e o MVMC A Freca, pertencente á CMVMC de San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo, no concello de Xunqueira de Espadanedo.

Examinada a solicitude de deslindamento formulada polos representantes do MVMC Castro Puxando e Tardeles, pertencente á CMVMC de Pardeconde, e o MVMC A Freca, pertencente á CMVMC de San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo, no concello de Xunqueira de Espadanedo, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O día 7 de febreiro de 2018 a CMVMC de Pardeconde presentou un escrito (entrada 678/RX 319365) no Rexistro da Xefatura Territorial do Medio Rural, Área Forestal de Ourense. Nel solicita que se tramite o deslindamento realizado entre o MVMC Castro Puxando e Tardeles e o MVMC A Freca, no concello de Xunqueira de Espadanedo.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Acta de deslindamento.
- Plano catastral sobre ortoimaxe a escala 1:14.000.
- Acta de conciliación levantada no Xulgado de Paz de Xunqueira de Espadanedo.
- Certificacións de aprobación das dúas comunidades.

Segundo. O informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense de data 19 de outubro de 2021 fai constar que a documentación achegada corresponde ao deslindamento parcial do perímetro estremeiro entre o MVMC Castro Puxando e Tardeles, pertencente á CMVMC de Pardeconde, e o MVMC A Freca, pertencente á



CMVMC de San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo, desde o vértice 1 (o situado máis ao L) ata o vértice 4 (o situado máis ao O).

O citado informe considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Polo tanto, o Servizo de Montes propúxoselle ao Xurado a aprobación do deslindamento, ben que coas seguintes observacións:

– Obsérvase un erro material na coordenada X do vértice 1, xa que inclúe 7 cifras enteiras en lugar de 6 (X: 6.313.126,3). Cotexada a coordenada coa que figura no plano achegado, compróbase que a coordenada correcta é X: 613.126,3.

– O vértice 1 (situado nunha «rocha de gran tamaño») atópase nun terreo que non está clasificado como MVMC; polo tanto, unicamente servirá de referencia para establecer a dirección na liña de deslindamento, sen considerarse a totalidade do tramo 1-2 como límite entre MVMC.

Consideracións legais é técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se deberá seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial en Man Común acordou por unanimidade o día 23 de novembro de 2021:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas xuntas reitoras dos MVMC Castro Puxando e Tardeles, pertencente á CMVMC de Pardeconde, e o MVMC A Freca, pertencente á CMVMC de San Pedro, A Reboreda, Carbuíz e Espadanedo, no Concello de Xunqueira de Espadanedo, de acordo coas consideracións realizadas no informe do Servizo de Montes do 19 de outubro de 2021.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 4 de febreiro de 2022

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: ipxpvkq6-p2w0-m589-gnb8-y6wcgpmcoeo1



